

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey en substitución da Vicesecretaria, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións das Xuntas de Goberno Local, correspondentes aos días 3 e 10 de setembro de 2014.

**ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórda a denegación de licenza de obras e instalación dunha area de lavado de coches na planta baixa da rúa Sabugo, número 31.

Tamén se acorda a desestimación recurso de reposición presentado o 27 de febreiro de 2014, contra o decreto do tenente de alcalde delegado da área de urbanismo e medio ambiente número 14006641, de 7 de xullo de 2014, polo que se declara a ineficacia da comunicación previa ó inicio da actividade de comercio polo miúdo de calzado na rúa do Teatro número 13, local 2.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de edificación sita na rúa San Lourenzo, numero 3; para demolición parcial de edificio sito na ronda da Muralla, número 101; para parcelamento de parcela 61, do polígono 439 de Astrar-San Vicente de Pedreda, que se segrega en dúas parcelas para a súa agregación simultánea as parcelas 118 e 119 do mesmo polígono; para legalización de obras de distribución interior e escaleira en café-bar restaurante, sita en solo clasificado como urbano, na rúa Nova, número 3; para reforma de edificio con licenzas 265/09 e 27/14, consistente na ampliación de planta baixa e modificación de distribución de planta cuarta e baixo cuberta, ampliando o número de vivendas, quedando o edificio composto de planta baixa sen uso definido, catro plantas altas e aproveitamento baixo cuberta para un total de dez vivendas, en solo urbano na rúa Mar Cantábrico, número 42; para rehabilitación de edificio existente con licenza 314/46, composto de planta baixa para garaxe, tres plantas altas e baixo cuberta para unha vivenda, en solo

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	19/09/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



urbano, rúa do Esquecemento, número 9 e para restauración de nave almacén en san roman-santa cristina.

**3. PLANEAMENTO.-** addenda número 3, asinada con data do 9 de xuño de 2014, ao Convenio de colaboración asinado con data 10 de febreiro de 2009 entre a antiga Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o Concello de Lugo para a realización de obras de infraestrutura viaria no termo municipal de lugo.

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**4. PERSOAL.-** Deixar sen efecto o acordo número 12/626 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 14-9-2011, no que respecta ó nomeamento -entre outros- dunha auxiliar de administración xeral do Concello de Lugo, e nomeamento como funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar praza de auxiliar de administración xeral deste Concello.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga por un ano do contrato de prestación de servizo educativo e de comedor e limpeza nas Escolas Infantís municipal Luis Soto Menor( San Fiz) e Piringalla e revisión de prezos.

Acórdase a incoación de incautación de garantía definitiva no expediente de extinción da autorización especial do dominio público para a instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedoiros nos edificios e instalacións municipais por renuncia do autorizado.


Do mesmo xeito, acórdase a desestimación do recurso de reposición contra acordo de exclusión da mesa de contratación para os lotes 1 e 3 por falta de capacidade na contratación da docencia especializada (formación específica) mediante lotes no marco do proxecto "Lugo Emprego Activo 2" cofinanciado nun 80% pola UE a través do fondo social Europeo (código proxecto: 112410004).

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

Acórdase a resolución do expediente sancionador por incumprimento de servizos mínimos durante folga no contrato administrativo de xestión de servizo público coa empresa, correspondente ao servizo de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento.

Código Seguro de verificación:cAj45ugx8QksN2AIGvUXJg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	19/09/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	cAj45ugx8QksN2AIGvUXJg==	PÁGINA 2/3

  
cAj45ugx8QksN2AIGvUXJg==

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:cAj45ugx8QksN2AIGvUXJg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	19/09/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	cAj45ugx8QksN2AIGvUXJg==	PÁGINA 3/3



cAj45ugx8QksN2AIGvUXJg==